



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 20 de maio de 2024**, adoptou o seguinte acordo:

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE LISTA DE RESERVA DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, DERIVADA DA EXECUCIÓN DA OEP 2017-18-19. EXPTE. 43469/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/05/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 12/03/2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases xerais do proceso selectivo para a provisión de 1 praza de funcionario/a de carreira, Administrativo/a de Administración Xeral, pola quenda libre, subgrupo C1, incluída na 3^a fase da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2017, 2018 e 2019, que se publicaron no Boletín Oficial de Pontevedra nº 128 de 07 de xullo de 2020.

II.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2023, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, así como o lugar e data da primeira proba do proceso selectivo.

III.- Así mesmo, por Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 01 de agosto de 2023, resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

IV.- Rematado o proceso selectivo referido, en sesión de data 10/01/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Administrativo/a de Administración Xeral, pola quenda de libre, acordou, por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, o nomeamento como funcionaria de carreira con cargo á praza vacante de Administrativo/a de Administración Xeral enmarcada no Grupo C de titulación, subgrupo C1, escala de Admón. Xeral, subescala administrativa, á aspirante n.º 114, D^a MARTA M.^a SOTO PÉREZ (DNI ***9332**) que superou todas as probas previstas no proceso selectivo e obtivo a cualificación máis alta de todos/as os/as aspirantes presentados/as, obtendo un total de 32,647 puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:06	Páxina 1 de 5
43469-220	CSV: AHAE4C-E7CD4B-C332AA-SKW61F-QPXW3K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERC. (test)	2º EXERC. (temas)	3º EXERC. (casos p.)	4º EXERC. (informát.)	5º EXERC. (galego)	PUNT. TOTAL
114	SOTO PÉREZ,	MARTA Mª	***9332**	7.380	7.167	6,100	10,000	2,000	32,647

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 05 de abril de 2024, acordou o devandito nomeamento.

V.- Asi mesmo, e de conformidade co disposto nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2020, o Órgano de Selección, na sesión de data 10 de xaneiro de 2024, acorda propoñer á Xunta de Goberno Local que as outras oito (8) persoas aspirantes que superaron todas as probas pero que non obtiveron praza pasen a formar parte dunha LISTA DE RESERVA, ordenada en función das respectivas puntuacións obtidas, para os efectos de poder seren eventualmente nomeadas como persoal interino, en función das necesidades do Servizo e de acordo cos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das OEP e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo e a demais normativa aplicable».

POSTO	Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1º	15	CARIDE NIMES,	BÁRBARA Mª	***0155**	32,355
2º	63	GONZÁLEZ EIRIZ,	BEATRIZ	***5386**	31,755
3º	36	DE PEROY PEREIRA,	SILVIA	***3967**	31,505
4º	75	LIJÓ RODRÍGUEZ,	BLANCA	***2375**	31,005
5º	10	BASTOS RIBAS,	HUGO	***2137**	29,425
6º	38	DOMÍNGUEZ BORINES,	JESSICA	***2167**	29,125
7º	52	GARCÍA FERREIRO,	HEITOR	***8491**	28,975
8º	120	VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ,	MÓNICA	***7863**	27,568

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:06	Páxina 2 de 5
43469-220	CSV: AHAE4C-E7CD4B-C332AA-SKW61F-QPXW3K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- No apartado de “Outras disposicións comúns” das bases da convocatoria estableceíase que *“as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación”*.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, realiza a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente – tal e como se establece no punto IV e V dos antecedentes.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de agosto de 2022, adoptou acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 167, de 01/09/2022, no que se establece entre outros:

“(…)As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).

Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, previo informe xustificativo da conveniencia polo servizo que solicite a formación da lista de reserva, que deberá fundarse en todo caso en razóns de interese xeral debidamente identificadas e acreditadas, que deberán constar no informe, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:06	Páxina 3 de 5
43469-220	CSV: AHAE4C-E7CD4B-C332AA-SKW61F-QPXW3K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP(...)."

"(...)As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeadas como funcionarios interinos en calquera das modalidades legalmente previstas, ou como persoal laboral interino ou temporal, nos termos do marco normativo de aplicación (...)."

"(...)As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas(...)"

V.- Segundo o criterio manifestado pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220 e 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de administración xeral que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a lista de reserva de Administrativo/a de Administración Xeral, (subgrupo C1) derivada da execución da 3ª fase da OEP 2017-18-19, que inclúe as persoas que poidan ser temporalmente nomeadas conforme ao establecido nos criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación, e segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:06	Páxina 4 de 5
43469-220	CSV: AHAE4C-E7CD4B-C332AA-SKW61F-QPXW3K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

POSTO	Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1º	15	CARIDE NIMES,	BÁRBARA Mª	***0155**	32,355
2º	63	GONZÁLEZ EIRIZ,	BEATRIZ	***5386**	31,755
3º	36	DE PEROY PEREIRA,	SILVIA	***3967**	31,505
4º	75	LIJÓ RODRÍGUEZ,	BLANCA	***2375**	31,005
5º	10	BASTOS RIBAS,	HUGO	***2137**	29,425
6º	38	DOMÍNGUEZ BORINES,	JESSICA	***2167**	29,125
7º	52	GARCÍA FERREIRO,	HEITOR	***8491**	28,975
8º	120	VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ,	MÓNICA	***7863**	27,568

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 08:06	Páxina 5 de 5
43469-220	CSV: AHAE4C-E7CD4B-C332AA-SKW61F-QPXW3K-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		